

ER DOS

“Encontros no Rural
Diálogos de Saberes”
//XANEIRO//DECEMBRO// 2023





GRUPO FOCAL:
"NOVAS PRÁCTICAS
SUSTENTABLES"



“Encontros no Rural Diálogos de Saberes”

//XANEIRO//DECEMBRO// 2023

“Encontros no rural. Diálogo de saberes” forma parte do ‘I Foro expandido de Museoloxía Social da Rede Museística Provincial de Lugo’, unha ampla programación con propostas variadas que se irán dando a coñecer ao longo do ano 2023 para e con todo tipo de comunidades. O primeiro destes “Encontros no rural. Diálogo de saberes” terá lugar o mércores, 25 de xaneiro, no Museo Provincial de Lugo para dar a coñecer á comunidade educativa a programación escolar da RMPL e dialogar sobre os vínculos coa escola rural. Coordinación: Encarna Lago.

“ENCONTROS NO RURAL. DIÁLOGO DE SABERES”

O presente título toma como protagonista a nosa contorna, a identidade dun territorio, o xeito de interacción, conexión e relación entre comunidades, a importancia da raíz e das persoas como motor e eixe de desenvolvemento e crecemento.

“Encontros no rural. Diálogo de saberes” pretende o que a Rede Museística Provincial de Lugo leva anos poñendo sobre a mesa, a accesibilidade á cultura, o dereito á mesma e o Museo como espazo da comunidade.


Considerando que non se pode implantar un verdadeiro cambio sen contar coas comunidades e coas persoas que se ven directamente implicadas, expoñemos este proxecto como un espazo de conversa, reformulación e análise.

Continuando coa metodoloxía implantada pola RMPL de escoitar, recoller e transformar, presentamos un formato de encontros dinámicos, expandidos e compartidos coa comunidade.

**INSCRIPCIÓN
PREVIA EN:**

concertacionsrmp@gmail.com





QUE?

Encontros entre: profesionais da xestión cultural, profesionais de museos, a comunidade educativa, a comunidade artística e a comunidade local do territorio. Baixo o lema “Cara unha museoloxía 4D: social, ambiental, política e economicamente sostible” da XX Conferencia MINOM, coa mirada posta nas persoas e na necesidade de democratización, universalidade e accesibilidade da cultura, propónse este formato de encontros, co fin de pensar e repensar novos principios e estratexias sustentables.

Novas prácticas sustentables en todas as súas realidades —social, económica, política e ambiental— que desde a institución, os museos, os procesos de identidade, memoria e territorio, poñan en valor o patrimonio humano, cultural e natural do noso tecido social, configurando un espazo de reformulación, de cuestionamento e de crecemento, contando con todas as partes implicadas e necesarias para este cambio, as persoas.



De cada encontro xurdirá un podcast e un caderno de bitácora que recollerá os saberes compartidos.

GUÍA DE TEMAS:

- Para que traballamos?
- Con quen traballamos?

- Habitar fronte ao xestionar?
- Dereitos culturais?
- Sustentabilidade?
- A pegada ambiental?

- Activismo e liderazgo?
- Novas prácticas máis sustentables na xestión de proxectos artísticos?



ONDE?

31 de xaneiro
16:00 - 19:00h
Museo Pazo de Tor
San Xán de Tor s/n
Monforte de Lemos

PARTICIPAN



**Uxío
Novo**



**Branca
Novoneyra**



**Antón
Lopo**





**Yolanda
Castaño**



**Blanca de
la Torre**



**Ruth
Sousa**




**Alberto
García**



**Sergio
Lago**



**Fátima
Teixeiro**






**Isabel
Fernández**



**Residentes
[Da]TerraSemente
[Dá]SementeTerra e
VACIOCERO**





**REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO**

Moderadora:



**Encarna
Lago**



**INSCRIPCIÓN
PREVIA EN:**

concertacionsrmp@gmail.com



**I FORO
EXPANDIDO DE
MUSEOLOXIA
SOCIAL DA RMPL**



FOROS

“Encontros no Rural
Diálogos de Saberes”
//XANEIRO//DECEMBRO// 2023